

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Asunto: Aprobación inicial da Modificación Puntual N.º 10 do PXOM. Cambio de cualificación urbanística dos equipamentos denominados «Pista deportiva de Gontade» e «EEI Gontade».

Expediente: 2024/U032/000001

O Pleno Municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de xullo de 2024, acordou aprobar inicialmente a Modificación Puntual N.º 10 do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Carballo para o cambio de cualificación urbanística dos equipamentos denominados «Pista deportiva de Gontade» e «EEI Gontade», segundo a documentación técnica redactada polo arquitecto municipal Alfredo Garrote Pazos.

O que se somete a información pública por un prazo de dous meses en cumprimento dos artigos 60 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* e 144 do *regulamento da dita lei*, co fin de que as persoas que se consideren afectadas por ela poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

Conforme ao previsto no artigo 47.2 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. As áreas corresponden ao ámbito da MP indicado nos planos e no resumo executivo.

A totalidade do documento técnico e os trámites contidos no expediente poderán consultarse na oficina técnica municipal das 10.00 h ás 13.00 h e a través desta ligazón:

<http://carballo.org/urbanismo/planeamentodesenvolvemento.php?idioma=gl#ancla>

Carballo, 3 de setembro de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez